

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

19757 *Real decreto lei 14/2010, do 23 de decembro, polo que se establecen medidas urxentes para a corrección do déficit tarifario do sector eléctrico.*

1. O Real decreto lei 6/2009, do 30 de abril, polo que se adoptan determinadas medidas no sector enerxético e se aproba o bono social, estableceu límites para acoutar o incremento do déficit tarifario, isto é, a diferenza entre os ingresos procedentes das peaxes de acceso ás redes de transporte e distribución de enerxía eléctrica e os custos das actividades reguladas do sector eléctrico que deben cubrir, abordando ademais un mecanismo de financiamento del. Deste modo, o citado real decreto lei establece, a partir de 2013, o principio de suficiencia das peaxes de acceso para satisfacer a totalidade dos custos das actividades reguladas de modo que, a partir do dito momento, non poida aparecer déficit tarifario.

Así mesmo, o Real decreto lei 6/2009, do 30 de abril, modifica a disposición adicional 21.^a da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, e establece que ata 2013 as disposicións que aproben as peaxes de acceso recoñecerán de forma expresa os déficit ex ante que se estime que poden producirse, aínda que cuns límites de contías máximas decrecentes cada ano. Prevese ademais, neste período 2009-2012, a posibilidade da existencia de desaxustes temporais cando, como resultado das liquidacións das actividades reguladas de cada período, resulte un déficit de ingresos superior ao déficit ex ante recoñecido inicialmente, o que obriga ao seu recoñecemento expreso nas disposicións de aprobación das peaxes de acceso do período seguinte e, consecuentemente, a incrementar estas peaxes de acceso na contía necesaria para que as empresas recuperen as cantidades achegadas para o seu financiamento, máis un tipo de xuro de mercado.

2. Desde a aprobación do citado real decreto lei producíronse unha serie de circunstancias sobrevidas que tiveron unha incidencia directa sobre a previsión de déficit tarifario do sistema eléctrico e que determinaron que os límites máximos de déficit ex ante establecidos na anteriormente citada disposición adicional 21.^a se visen amplamente superados. O impacto da crise global que atravesa a economía española supuxo unha significativa caída da demanda de enerxía eléctrica mentres que, do lado da oferta, tiveron unha incidencia aspectos como a evolución do prezo dos combustibles nos mercados internacionais durante este ano 2010 ou as favorables condicións climatolóxicas, que levaron a maior produción eléctrica desde fontes renovables. A situación conxuntural actual non tivo efectos simétricos en todos os sectores eléctricos: mentres o réxime ordinario (centrais tradicionais) viu reducidas as súas horas de funcionamento e os seus ingresos pola caída dos prezos do mercado por xunto, os produtores de réxime especial encóntranse nunha diferente situación, debido ao seu réxime específico, que lles asegura a venda da enerxía producida mediante a súa entrada preferente no sistema.

3. En consecuencia, o obxectivo deste real decreto lei é abordar con carácter urxente a corrección do déficit tarifario do sector eléctrico. En primeiro lugar, o desaxuste temporal estimado para 2010 das liquidacións de actividades reguladas debía recoñecerse como se expuxo obrigatoriamente na Orde de revisión de peaxes de acceso para o 1 de xaneiro de 2011, que é obrigatoria e que se dita a finais de decembro de cada ano tal e como se determina no Real decreto 1202/2010, do 24 de setembro, polo que se establecen os prazos de revisión das peaxes de acceso ás redes de transporte e distribución de enerxía eléctrica. Isto suporía un impacto nas peaxes de acceso que finalmente aboarían exclusivamente os consumidores, e que afectaría, no curto prazo e

nun momento de crise económica como o actual, as economías dos fogares e a competitividade das empresas.

Por iso é necesario, con carácter de urxencia, establecer no presente real decreto lei que os desaxustes temporais de liquidacións do sistema eléctrico que se produzan en 2010, ata unha contía máxima de 2.500 millóns de euros, terán a consideración de déficit de ingresos do sistema de liquidacións eléctrico para 2010, que xerará dereitos de cobramento que poderán ser cedidos polos seus titulares ao Fondo de Titulización do Déficit do Sistema Eléctrico. Ademais, para preservar o impacto futuro desta medida sobre os consumidores, amplíase o bono social establecido no dito real decreto lei con efectos do 1 de xaneiro de 2014. Así mesmo, elévanse os límites máximos de déficit que se estableceron no Real decreto lei 6/2009, do 30 de abril, para os anos 2011 e 2012.

4. Pero, ademais, este real decreto lei mantén o obxectivo de eliminación da aparición de novo déficit no sistema eléctrico a partir do 2013, e asegura esta senda de redución recollendo un conxunto de medidas que, con carácter inmediato, permitan solucionar a situación conxuntural e fortalecer a consideración do sistema eléctrico nos mercados financeiros e de débeda, tan importantes nestes momentos. Para iso establécense un conxunto de disposicións de tal forma que todos os axentes do sector contribúan cun esforzo adicional e compartido á redución do déficit do sistema eléctrico.

No deseño destas medidas coidouse asegurar a garantía da subministración de enerxía eléctrica en condicións de universalidade, calidade, seguridade e continuidade, e garantir a protección do dereito dos consumidores á subministración eléctrica en condicións equitativas, así como asegurar o cumprimento dos obxectivos en materia de eficiencia enerxética e fomento das enerxías renovables. Paralelamente prestouse unha especial atención e coidado en non afectar o equilibrio económico financeiro das empresas do sector, non só para as grandes empresas, preservándose os principios de liberalización que presiden a Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, senón tamén para o conxunto de instalacións de xeración, vixiando por que, especialmente no caso das empresas de xeración de réxime especial, estas teñan asegurada unha retribución suficiente e razoable.

Por iso, en primeiro lugar, anúlase a excepción do pagamento polo uso das redes de transporte e distribución aos consumos por bombeo e establécense a obriga dos produtores de enerxía eléctrica do pagamento das devanditas peaxes, o que permitirá unha evolución razoable destas. Dado que as instalacións de xeración, especialmente as de réxime especial, experimentaron un crecemento significativo, produciuse un incremento dos investimentos nas redes de transporte e distribución de enerxía eléctrica para poder evacuar a enerxía que verten a elas. No contexto actual de crise e deficiencia tarifaria, queda xustificoado que os xeradores contribúan mediante o pagamento de peaxes aos custos imputables aos investimentos que requiren, fixándose, mentres non se desenvolvan regulamentariamente as peaxes que deben satisfacer os produtores de enerxía eléctrica, os transportistas e distribuidores, unha peaxe de acceso de 0,5 EUR/ MWh tomando como referencia o marco establecido ao respecto pola normativa vixente da Unión Europea.

En segundo lugar, co fin de reducir os custos imputables á tarifa establécense que as empresas produtoras do réxime ordinario financiarán o Plan de acción 2008-2012, aprobado por Acordo de Consello de Ministros do 8 de xullo de 2005, polo que se concretan as medidas do documento de «Estratexia de aforro e eficiencia enerxética en España 2004-2012». Así mesmo, fíxanse as porcentaxes de participación de cada empresa no seu financiamento, modificándose con iso o establecido na Lei de orzamentos xerais do Estado de 2011.

En terceiro lugar, e como se indicou no punto segundo, parece razoable que os produtores de réxime especial realicen tamén unha contribución para mitigar os sobrecostos do sistema, contribución que debe ser proporcional ás características de cada tecnoloxía, ao seu grao de participación na xeración deses sobrecostos á marxe existente na retribución cuxa rendibilidade razoable queda, en todo caso, garantida. Deste modo, con esta mesma

finalidade, o Goberno veu aprobando nos últimos meses medidas regulatorias dirixidas aos produtores de enerxía eléctrica eólica, termosolar e de coxeración.

Por iso, tendo en conta o ritmo de crecemento das instalacións fotovoltaicas, e salvaguardando o principio de suficiencia da súa retribución, pola especial incidencia que os desvíos nas previsións de xeración desta fonte enerxética producen no déficit tarifario, establécese con carácter xeral a posibilidade de limitar as horas equivalentes de funcionamento con dereito ao réxime económico primado que teñan recoñecido. Deste modo, fíxanse expresamente os ditos valores de referencia de acordo cos valores utilizados para o cálculo da súa retribución establecidos no Plan de Enerxías Renovables 2005-2010 e os reflectidos no Real decreto 661/2007, do 25 de maio, polo que se regula a actividade de produción de enerxía eléctrica en réxime especial, tendo en conta a zona solar climática onde estea situada a instalación, de acordo coa clasificación de zonas climáticas segundo a radiación solar media en España establecidas no Real decreto 314/2006, do 17 de marzo, polo que se aproba o Código Técnico da Edificación. Paralelamente, e en prol de asegurar a razoabilidade da retribución, amplíanse a 28 anos, para as instalacións de tipo b.1.1, as referencias no prazo aos primeiros 25 anos establecidas no Real decreto 661/2007, do 25 de maio.

5. Finalmente, a volatilidade dos mercados financeiros neste ano, e moi especialmente nos últimos meses, impediu que o Fondo de Titulización do Déficit do Sistema Eléctrico, previsto no mencionado Real decreto lei 6/2009, do 30 de abril, puidese constituírse e levar a cabo a primeira emisión. En consecuencia, ao estar condicionado o outorgamento de aval da Administración xeral do Estado ao devandito Fondo á constitución deste, as cantidades previstas para tal fin na Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2010 non se outorgaron e deben incluírse na Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011. Por outro lado, o incremento na cifra de déficit previsto para o ano 2011 así como a cifra de déficit de ingresos do sistema de liquidacións eléctrico para 2010, establecidos neste real decreto lei, elevan as necesidades reais de financiamento do Fondo en 3.500 millóns de euros máis. En consecuencia, é necesario incrementar en 17.000 millóns de euros a cifra actualmente prevista no artigo 49.un e dous da Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011, co fin de que durante o devandito exercicio, sen demora, se poida outorgar aval en garantía das ditas obrigas ata un máximo de 22.000 millóns de euros.

Ademais das anteriormente indicadas modificacións do establecido na Lei 39/2010, do 22 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011 en relación co financiamento da «Estratexia de aforro e eficacia enerxética en España 2004-2012» e cos importes dos avais do Estado, por este real decreto lei derróganse o artigo 76 e a disposición transitoria sétima da dita Lei 39/2010, do 22 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011, e modifícase o número 4 do artigo 108 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, co obxecto de evitar antinomías normativas.

Tamén é obxecto de modificación a Lei 2/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2009, para facilitar o patrocinio das actividades relacionadas coa celebración do Ano Internacional para a Investigación en Alzheimer e Enfermidades Neurodexenerativas: Alzheimer Internacional 2011, acontecemento cualificado pola dita norma como de excepcional interese público.

Na súa virtude, facendo uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución, por proposta da vicepresidenta segundo do Goberno e ministra de Economía e Facenda e do ministro de Industria, Turismo e Comercio, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 23 de decembro de 2010,

DISPOÑO:

Artigo 1. Modificación da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico.

Modifícase a Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, nos seguintes termos:

Un. Modifícase o artigo 15, que queda redactado como a seguir se transcribe:

«Artigo 15. *Retribución das actividades.*

1. As actividades destinadas á subministración de enerxía eléctrica serán retribuídas economicamente na forma disposta nesta lei con cargo ás peaxes e os prezos satisfeitos.

2. A retribución das actividades reguladas será financiada a través dos ingresos recadados por peaxes de acceso ás redes de transporte e distribución satisfeitas polos consumidores e os produtores.

3. Para a determinación das peaxes e prezos establecerase regulamentariamente a retribución das actividades con criterios obxectivos, transparentes e non discriminatorios que incentiven a mellora da eficacia da xestión, a eficiencia económica e técnica das ditas actividades e a calidade da subministración eléctrica.»

Dous. Modifícase o artigo 17.2, que queda redactado da seguinte forma:

«2. As peaxes que deberán satisfacer os consumidores terán en conta as especialidades por niveis de tensión e as características dos consumos por horario e potencia.

As peaxes que deberán satisfacer os produtores tanto de réxime ordinario como do réxime especial regularanse regulamentariamente, tendo en conta a enerxía vertida ás redes.»

Tres. Modifícanse os números 1 e 2 do artigo 19, que quedan redactados nos seguintes termos:

«1. As peaxes de acceso ás redes de transporte e distribución e os prezos por outros servizos regulados destinados á subministración de enerxía eléctrica serán cobradas polas empresas distribuidoras e, de ser o caso, polo transportista, debendo dar ás cantidades ingresadas a aplicación que proceda de acordo co previsto nesta lei.

2. O Goberno establecerá regulamentariamente o procedemento de repartición dos fondos ingresados polos distribuidores e o transportista entre os que realicen as actividades incluídas no sistema, atendendo á retribución que lles corresponda de conformidade con esta lei.»

Catro. A alínea f) do artigo 26.2 pasa a ser alínea g), e a alínea f) queda redactada da seguinte forma:

«f) Contratar e aboar a peaxe que corresponda, xa sexa directamente ou a través do seu representante, á empresa distribuidora ou transportista á que estea conectado por verter a enerxía ás súas redes.»

Cinco. A alínea e) do artigo 30.1 pasa a ser a alínea f) e a alínea e) queda redactada da seguinte forma:

«e) Contratar e aboar a peaxe que corresponda, xa sexa directamente ou a través do seu representante, á empresa distribuidora ou transportista á que estea conectado por verter a enerxía ás súas redes.»

Seis. Engádese un número 6 ao final do artigo 30 coa seguinte redacción:

«6. O Goberno poderá establecer regulamentariamente o réxime retributivo específico das instalacións de réxime especial que, con posterioridade ao recoñecemento do seu réxime retributivo, tivesen sido obxecto dunha modificación substancial ou dunha ampliación de potencia.»

Sete. Engádense ao final do artigo 35.3 os seguintes parágrafos:

O titular da rede de transporte estará obrigado a contratar e aplicar aos xeradores conectados ás súas redes as peaxes de acceso que, conforme o disposto regulamentariamente, lles correspondan.

Así mesmo, deberá comunicar ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e á Administración competente a información que se determine sobre peaxes de acceso, así como calquera información relacionada coa actividade que desenvolvan dentro do sector eléctrico.»

Oito. Modifícase o número 4 da disposición adicional vixésimo primeira, que queda redactada nos seguintes termos:

«4. Non obstante, para os anos 2009, 2010, 2011 e 2012, o déficit de ingresos previsto na disposición pola que se aprobaron as peaxes de acceso correspondentes non será superior a 3.500 millóns de euros, 3.000 millóns de euros, 3.000 millóns de euros e 1.500 millóns de euros, respectivamente.

Así mesmo, os desaxustes temporais de liquidacións do sistema eléctrico que se produzan en 2010, ata unha contía máxima de 2.500 millóns de euros, terán a consideración de déficit de ingresos do sistema de liquidacións eléctrico para 2010, que xerará dereitos de cobramento que poderán ser cedidos polos seus titulares ao Fondo de Titulización do Déficit do Sistema Eléctrico.»

Artigo 2. *Modificación da Lei 39/2010, do 22 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011.*

Os puntos un e dous do artigo 49 da Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011, relativo ao importe dos avais do Estado, quedan redactados nos seguintes termos:

Un. O importe máximo dos avais que outorgue o Estado durante o exercicio do ano 2011 non poderá exceder de 76.900.000 miles de euros.

Dous. Dentro do total sinalado no punto anterior, resérvanse os seguintes importes:

a) 22.000.000 miles de euros para garantir, de acordo co establecido na disposición adicional vixésimo primeira, número 9, da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, as obrigas económicas esixibles ao Fondo de Titulización do Déficit do Sistema Eléctrico, derivadas das emisións de instrumentos financeiros que realice o devandito Fondo con cargo aos dereitos de cobramento que constitúan o activo deste.

b) 53.900.000 miles de euros para garantir as obrigas económicas esixibles á sociedade denominada «Facilidade Europea de Estabilización Financeira», derivadas das emisións de instrumentos financeiros, da concertación de operacións de préstamo e crédito, así como de calquera outra operación de financiamento que realice a dita sociedade de acordo co establecido no Real decreto lei 9/2010, do 28 de maio, polo que se lle autoriza á Administración xeral do Estado o outorgamento de avais a determinadas operacións de financiamento no marco do Mecanismo Europeo de Estabilización Financeira dos Estados membros da Zona do Euro.

c) 500.000 miles de euros para garantir as obrigas derivadas de operacións de financiamento concertadas por empresas, validamente constituídas en España, que acometan investimentos en España para o desenvolvemento e industrialización do vehículo eléctrico ou baterías para estes.

A Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos determinará o procedemento de concesión de avais, os requisitos que deberán concorrer para a súa concesión e as condicións a que quedará suxeita a efectividade dos avais outorgados.»

Disposición adicional primeira. *Limitación das horas equivalentes de funcionamento das instalacións fotovoltaicas.*

1. As instalacións de tecnoloxía solar fotovoltaica terán dereito, de ser o caso, a percibir en cada ano o réxime económico primado que teñan recoñecido, ata alcanzar o

número de horas equivalentes de referencia, tomando como punto de inicio as 0 horas do 1 de xaneiro de cada ano.

2. As horas equivalentes de referencia para estas instalacións, en función da zona solar climática onde estea situada a instalación, de acordo coa clasificación de zonas climáticas segundo a radiación solar media en España establecidas no Real decreto 314/2006, do 17 de marzo, polo que se aproba o Código Técnico da Edificación, serán as seguintes:

Tecnoloxía	Horas equivalentes de referencia/ano				
	Zona I	Zona II	Zona III	Zona IV	Zona V
Instalación fixa	1.232	1.362	1.492	1.632	1.753
Instalación con seguimento a 1 eixe	1.602	1.770	1.940	2.122	2.279
Instalación con seguimento a 2 eixes	1.664	1.838	2.015	2.204	2.367

Para estes efectos, defínese o número de horas equivalentes de funcionamento dunha instalación de produción de enerxía eléctrica como o cociente entre a produción neta anual expresada en kWh e a potencia nominal da instalación expresada en kW.

3. A Comisión Nacional de Enerxía aplicará a limitación de horas que se establece nesta disposición ás liquidacións de primas correspondentes ás instalacións de tecnoloxía solar fotovoltaica. Así mesmo, aplicará a limitación que se establece na disposición transitoria segunda ás liquidacións que se refiran ás instalacións de tecnoloxía solar fotovoltaica acollidas ao réxime económico establecido no Real decreto 661/2007, do 25 de maio. Para ambos os casos, poderá solicitar a información que precise dos titulares das instalacións e dos órganos competentes para a autorización destas.

4. Habilítase o Goberno para modificar mediante real decreto o disposto no número 2, para adecualo á evolución da tecnoloxía.»

Disposición adicional segunda. *Mecanismo transitorio de financiamento do bono social.*

Malia o disposto no artigo 2.6 do Real decreto lei 6/2009, do 30 de abril, polo que se adoptan determinadas medidas no sector enerxético e se aproba o bono social, o prazo para levar a cabo a primeira revisión do financiamento do bono social estenderase ata o 1 de xaneiro de 2014. Ata que a dita revisión teña lugar será aplicable o financiamento transitorio inicial establecido na disposición transitoria segunda do citado Real decreto lei 6/2009, do 30 de abril.

Disposición adicional terceira. *Financiamento de plans de aforro e eficiencia enerxética para os anos 2011, 2012 e 2013.*

1. As contías con cargo ao sistema eléctrico destinadas ao financiamento do Plan de acción 2008-2012, aprobado por Acordo de Consello de Ministros do 8 de xullo de 2005 polo que se concretan as medidas do documento de «Estratexia de aforro e eficiencia enerxética en España 2004-2012» aprobado por Acordo de Consello de Ministros do 28 de novembro de 2003, previstas para os anos 2011 e 2012, de 270 millóns de euros e 250 millóns de euros respectivamente, financiaranse mediante a achega de cada unha das empresas produtoras segundo as porcentaxes recollidas na seguinte táboa:

Empresa	Porcentaxe
Endesa Generación, S.A.	34,66
Iberdrola Generación, S.A.	32,71
GAS Natural S.D.G, S.A.	16,37
Hidroeléctrica del Cantábrico, S.A.	4,38
E.ON Generación, S.L.	2,96
AES Cartagena, S.R.L.	2,07
Bizkaia Enerxía, S.L.	1,42
Castelnou Enerxía, S.L.	1,58

Empresa	Porcentaxe
Nueva Generadora del Sur, S.A.	1,62
Bahía de Bizkaia Electricidad, S.L.	1,42
Tarragona Power, S.L.	0,81
Total	100,00

2. A contía con cargo ao sistema eléctrico destinada ao plan que se aprobe por Acordo de Consello de Ministros polo mesmo concepto a que se refire o número 1 será financiada en 2013 mediante a achega de cada unha das empresas produtoras nas porcentaxes do número 1 anterior, ata un máximo de 150 millóns de euros.

Disposición transitoria primeira. *Peaxe transitoria de acceso ás redes de transporte e distribución que deberán satisfacer os produtores de enerxía eléctrica.*

A partir de 1 de xaneiro de 2011, e mentres non se desenvolvan regulamentariamente as peaxes que deben satisfacer os produtores de enerxía eléctrica, os transportistas e distribuidores aplicarán aos produtores que estiveren conectados ás súas redes unha peaxe de acceso de 0,5 EUR/ MWh vertida nas súas redes ou os valores que fixe o ministro de Industria, Turismo e Comercio dentro dos límites que estableza, de ser o caso, a normativa da Unión Europea.

Disposición transitoria segunda. *Limitación das horas equivalentes de funcionamento das instalacións fotovoltaicas ata o 31 de decembro de 2013.*

Malia o disposto na disposición adicional primeira, ata o 31 de decembro de 2013 as horas equivalentes de referencia para as instalacións de tecnoloxía solar fotovoltaica acollidas ao réxime económico establecido no Real decreto 661/2007, do 25 de maio, polo que se regula a actividade de produción de enerxía eléctrica en réxime especial, serán as seguintes:

Tecnoloxía	Horas equivalentes de referencia/ano
Instalación fixa	1.250
Instalación con seguimento a 1 eixe	1.644
Instalación con seguimento a 2 eixes	1.707

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

1. Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto lei.

2. En particular, con efectos desde o 1 de xaneiro de 2011, derróganse o artigo 76 e a disposición transitoria sétima da Lei 39/2010, do 22 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 661/2007, do 25 de maio.*

Modifícase a táboa 3 do artigo 36 do Real decreto 661/2007, do 25 de maio, polo que se regula a actividade de produción de enerxía eléctrica en réxime especial, substituíndo, para as instalacións de tipo b.1.1, as referencias no prazo aos primeiros 25 anos polos primeiros 28 anos.

Disposición derradeira segunda. *Modificación do Real decreto 1164/2001, do 26 de outubro.*

Modifícase o artigo 1.2 do Real decreto 1164/2001, do 26 de outubro, polo que se establecen tarifas de acceso ás redes de transporte e distribución de enerxía eléctrica, que queda redactado nos seguintes termos:

«2. Exceptúanse da aplicación deste real decreto as tarifas de acceso para os consumos propios das empresas eléctricas destinados ás súas actividades de produción, transporte e distribución de enerxía eléctrica. Non se considerarán como consumos propios os das explotacións mineiras, aínda que sexan para o abastecemento de centrais termoeléctricas.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo.*

Con efectos para os períodos impositivos iniciados a partir de 1 de xaneiro de 2011, modifícase o número 4 do artigo 108 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo, que queda redactado da seguinte forma:

«4. O incentivos fiscais establecidos neste capítulo tamén serán de aplicación nos tres períodos impositivos inmediatos e seguintes a aquel período impositivo en que a entidade ou conxunto de entidades a que se refire o número anterior alcancen a referida cifra de negocios de 10 millóns de euros, determinada de acordo co establecido neste artigo, sempre que estas cumprisen as condicións para seren consideradas como de reducida dimensión tanto naquel período como nos dous períodos impositivos anteriores a este último.

O establecido no parágrafo anterior será igualmente aplicable cando a dita cifra de negocios se alcance como consecuencia de que se realizase unha operación das reguladas no capítulo VIII do título VII desta lei acollida ao réxime fiscal establecido no dito capítulo, sempre que as entidades que realizasen tal operación cumpran as condicións para seren consideradas como de reducida dimensión tanto no período impositivo en que se realice a operación como nos dous períodos impositivos anteriores a este último.»

Disposición derradeira cuarta. *Modificación da Lei 2/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2009.*

Engádese un parágrafo segundo no número cinco da disposición adicional quincuaxésimo cuarta da Lei 2/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2009, coa seguinte redacción:

«Non obstante, as cantidades satisfeitas no ano 2011 en concepto de patrocinio polos espónsors ou patrocinadores ao Consorcio para a celebración do Ano Internacional para a Investigación en Alzheimer e Enfermidades Neurodexenerativas: Alzheimer Internacional 2011, entidades de titularidade pública ou entidades a que se refire o artigo 2 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, encargadas da realización de programas e actividades do acontecemento, teranse en conta para os efectos do cálculo do límite previsto no segundo parágrafo do artigo 27.3.primeiro da Lei 49/2002, do 23 de decembro.»

Disposición derradeira quinta. *Carácter básico e títulos competenciais.*

Este real decreto lei, que ten carácter básico, dítase ao abeiro das competencias que o Estado ten atribuídas en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, en facenda xeral e débeda do Estado e en materia de bases do réxime enerxético polo artigo 149.1.13.^a, 14.^a e 25.^a da Constitución.

Disposición derradeira sexta. *Modificación de disposicións regulamentarias.*

As determinacións incluídas en normas regulamentarias que son obxecto de modificación por este real decreto lei poderán ser modificadas no futuro por normas do rango regulamentario correspondente á norma en que figuran.

Disposición derradeira sétima. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», salvo o disposto no artigo 2 e na disposición adicional terceira, que entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2011.

Dado en Madrid o 23 de decembro de 2010.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO